

PLAN DE IGUALDADE

IES SALVATERRA DE MIÑO



PLAN DE IGUALDADE

1. XUSTIFICACIÓN. INTRODUCCIÓN
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO
3. ANÁLISIS DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS
 - 4.1. XERAIS
 - 4.2. ESPECÍFICOS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E REPECTO POLA DIVERSIDADE
 - 4.3. ESPECÍFICOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E CASOS DE LGTBIfobia
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN
 - 5.1. ACTIVIDADES DIAGNÓSTICO
 - 5.2. ADOPCIÓN DE MEDIDAS ORGANIZATIVAS
 - 5.3. ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE CONCIENCIACIÓN
6. SEGUIMIENTO E MECANISMOS DE AVALIACIÓN



1. XUSTIFICACIÓN. INTRODUCCIÓN

Segundo especifica a Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, neste apartado comentaremos da forma máis breve posible as cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que están a funcionar no noso centro. Esta son:

- No ámbito do Consello Escolar está nomeada dona Sonia María Telle Rodríguez como responsable de igualdade.
- No noso Plan de Convivencia están descritos os protocolos que abordan cuestións referentes ás condutas contrarias á convivencia, o que inclúe, dun modo indirecto, aquelas condutas contrarias á convivencia por razón de xénero. De feito, un dos obxectivos reflectidos neste Plan de Convivencia é a erradicación de condutas machistas.
- Na PXA (concretamente nos puntos 1.2, 2.1, 1.3, 2.3, 1.11 e 2.11) especificanse obxectivos e medidas para impulsar aspectos coeducativos, programas de atención á diversidade afectivo sexual e de xénero, etc.
- A través dos claustros, das comisións de coordinación pedagóxica e, sobre todo, a través dos consellos escolares, faise difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa, especialmente cando se presentan as novidades do Plan de Convivencia no que se inclúen aspectos relacionados coa educación afectivo sexual, igualdade, etc. A maiores, este tipo de temas trabállanse co alumnado de mediación, de teatro, etc.
- Coa nosa incorporación á Rede Educativa de Apoio LGBT de Galicia, pretendemos formarnos para definir as medidas de acompañamento ás que se fai referencia no protocolo de identidade de xénero. Como medida fundamental pretendemos impulsar o feito da asunción do diferente. De feito, estamos convencidxs de que a igualdade reside na aceptación do diferente.
- A través dos contidos transversais das diferentes materias e da realización de actividades complementarias e extraescolares concrépanse os contidos da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado.
- Tanto no ciclo medio de Soldadura e Caldeiraría, coma na Formación Profesional Básica de Carpintaría de Madeira e Moble estase a incorporar alumnado feminino, feito transcendental á hora de librar de estereotipos de xénero estas ramas que, tradicionalmente, teñen un perfil de alumnado eminentemente masculino. A idea é incentivar, dende o departamento de orientación, a



través do PAT, etc. este tipo de ensinanzas para calquera persoa independentemente do seu xénero ou identidade sexual.

- Véñense realizando actividades nas que participa todo o alumnado co gallo de celebracións de datas sinaladas. Estas actividades serán impulsadas a través das distintas propostas dos departamentos, da biblioteca escolar, unha vez que estea en funcionamento serán fomentadas a través da radio escolar,...
- A través de charlas incluídas no Plan Director de Convivencia Escolar, se tocan de forma directa ou indirecta aspectos relacionados coa coeducación, coa igualdade e coa violencia machista.
- Dentro do PFPP levamos anos traballando aspectos relacionados coa mediación escolar, coa convivencia e coas prácticas restaurativas que, en certo modo están relacionadas coa perspectiva de xénero.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Comentaremos neste apartado as cuestións organizativas, que xa figuran na documentación do noso centro, que teñen relación coa igualdade de xénero. Centraremos no Proxecto Educativo, no que xa figuran as liñas xerais do Plan de Acción Titorial; no Plan de Convivencia, recentemente revisado e actualizado; nas Normas de Organización e Funcionamento; e no Plan de Acción Titorial propiamente dito.

Fixándonos no **Proxecto Educativo**, é no apartado 3, Fins e Intencións Educativas, onde se recollen obxectivos relacionados coa igualdade:

- -No subapartado 3.1. Principios Básicos e Fundamentais, faise referencia a *“Prestar unha atención especial á educación en igualdade e á non discriminación da muller”*.
- -E no punto 3.2. Valores e Actitudes, fálase de *“Fomentar os valores da xustiza e da igualdade. Compensar as desigualdades”* e de *“Non discriminar por razón de sexo, raza ou relixión. Contribuír a unha educación non sexista”*.

Dentro dos obxectivos do **Plan de Convivencia** atopamos os seguintes: *“Fomentar valores democráticos e comportamentos solidarios e empáticos para a aceptación e cumprimento das normas así como do respecto á diversidade e igualdade entre homes e mulleres”* e *“Acadar a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de procedencia, sexo, raza, idade,... promovendo a igualdade”*.



Salientar que, tamén no Plan de Convivencia contémpanse unhas medidas de actuación destinadas á concienciación sobre a igualdade e a violencia de xénero, como poden ser a participación alumnado no concurso de slogans contra a violencia de xénero organizado polo Concello de Salvaterra de Miño, a conmemoración do día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres ou distintas charlas-coloquio impartidas por mulleres que desempeñan a súa labor en profesións ou oficios nas que as mulleres se atopan en ampla minoría.

Tamén se recollen dentro do Plan de Convivencia unhas medidas de actuación destinadas á concienciación sobre a non discriminación e a integración do colectivo LGTBI, como, por exemplo, exposicións de materiais na Biblioteca do centro, proxeccións de curtas, vídeos ou traballos do alumnado relacionados coa non discriminación e cos diferentes colectivos e que incidan na tolerancia e sensibilidade á diversidade afectivo-sexual, charlas-coloquio impartidas por persoas de diferentes identidades sexuais ou distintas actividades levadas a cabo na semana que se celebra o Día Internacional da Muller.

No tocante ás **Normas de Organización e Funcionamento**, faise referencia ao uso, por parte de toda a comunidade educativa, dunha linguaxe non sexista: *“os impresos, comunicacións, exames de todo o profesorado, carteis, etc.. elaborados polas persoas que forman parte da Comunidade Educativa e que teñan un uso público deberán utilizar unha linguaxe non sexista”*.

E, finalmente, o **Plan de Acción Titorial** sinala, dentro dos seus obxectivos xerais, o *“desenvolvemento da tolerancia en tódolos seus compoñentes, no que os mozos pensan, no que senten e na súa dispoñibilidade para relacionarse coas persoas e grupos cara ós que previamente se detectaran certas actitudes de intolerancia”*, ou o *“desenvolvemento da capacidade de adopción de perspectivas e a comprensión dos dereitos humanos, así como a súa utilización como criterio de referencia básico para tomar decisións en situacións de conflito moral”*, proponendo, polo tanto, como un dos seus obxectivos específicos, *“descubrir o valor da convivencia e a aceptación da diversidade (diferencias de xénero, culturais...)”*.



3. ANÁLISIS DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIfobia

FORTALEZAS DO IES SALVATERRA:

- Normativa do centro na que xa se recollen parte dos obxectivos de igualdade (PXA, PC, PAT)
- Maioritaria representación feminina no Claustro e na CCP.
- Resultados académicos equiparables entre mozas e mozos.
- Porcentaxe equitativa de abandono escolar entre ambos xéneros.
- Uso equitativo de espazos escolares e extraescolares.
- Participación equitativa nas actividades complementarias.
- Maioritaria asunción, por parte da comunidade educativa, de cuestións relativas á identidade e igualdade de xénero.
- Sensibilidade e aceptación, por parte do alumnado, de temas relacionados coa violencia de xénero e coa igualdade.
- Equipo de Mediación formado por alumnado concienciado na igualdade de xénero e na aceptación da diversidade. Conta con maior representación feminina.

DEBILIDADES DO IES SALVATERRA:

- As faltas de respecto ao profesorado prodúcense maioritariamente cara as profesoras.
- Escasa presenza de delegadas -e de candidatas a esta función- nas aulas.
- Linguaxe sexista e insultante cando se producen discusións.
- Escasa presenza feminina nos ciclos de FP Básica (Madeira) e Grado Medio (Soldadura).
- Non existencia de vestiarios para alumnas no taller de Soldadura.
- Falta de visibilidade do colectivo LGBTI.
- Marcado entorno machista na localidade.



4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS

4.1 XERAIS

- Descubrir nas experiencias diarias, escolares, extraescolares e en todo o ámbito da vida social e cultural, presente e pasada, a igualdade de posibilidades e a equivalencia de achegas dos homes e mulleres.
- Aceptar, respectar e valorar as características das outras persoas sen deixarse influír por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo, coa orientación sexual e coa identidade de xénero.
- Participar de forma igualitaria, construtiva e solidaria na realización de xogos, actividades grupais, situacións de comunicación e na repartición de responsabilidades e tarefas, rexeitando a división do traballo e de funcións por razón de sexo ou xénero.
- Colaborar na construción e no desenvolvemento dunha sociedade e dunhas relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto da individualidade, da singularidade e dos dereitos de toda persoa.
- Adoptar medidas para eliminar o uso sexista e heterosexista da linguaxe e promover una imaxe pública e privada de mulleres e homes baseada na igualdade e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Implicar aos pais e nais nas tarefas coeducativas e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Sensibilizar ao profesorado na práctica de valores coeducativos e no respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar.
- Concienciar á comunidade educativa no uso da linguaxe non sexista nin heterosexista que presupón a heterosexualidade e o xénero, para que todas as persoas se sintan recoñecidas de forma positiva.
- Incorporar unha concepción de familia ampla e diversa, en consonancia coa rica diversidade de estruturas familiares presentes no centro educativo (familias homoparentais ou lesboparentais, familias monoparentais, adoptivas, multiétnicas, multirraciais, transnacionais ou calquera outra das moitas formas de familia que están presentes na nosa contorna).



4.2 ESPECÍFICOS DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE E RESPECTO POLA DIVERSIDADE

- Detectar e visibilizar as desigualdades entre homes e mulleres, potenciando o respecto e cooperación entre as persoas do grupo sen distinción de sexo.
- Eliminar as escollas estereotipadas no acceso a futuros estudos e ao mundo laboral.
- Facer visible o papel das mulleres na historia do coñecemento.
- Sensibilizar o alumnado sobre a necesidade dun reparto diferente das responsabilidades familiares, non só dende a perspectiva de xénero, senón tamén como actividade que fomenta a autonomía e sentido da responsabilidade no fogar.
- Analizar e denunciar a imaxe discriminatoria contra a muller potenciada polos medios de comunicación e a publicidade.
- Potenciar a aprendizaxe de modos de comportamento pacíficos e tolerantes,
- Mellorar as relacións persoais entre o alumnado, diminuindo a violencia e o sexismo en situacións cotiás.
- Sensibilizar sobre a violencia no seo da parella, nunha actitude non só de condena senón tamén de prevención.

4.3 ESPECÍFICOS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO E CASOS DE LGTBIfobia

- Crear, dentro das aulas, pero tamén fóra delas, espazos seguros que lles permitan forxar a identidade sexual a cada unha das nosas alumnas e alumnos.
- Dar a coñecer entre o noso alumnado personalidades LGBTI na literatura, ciencia, deportes...
- Sensibilizar ao profesorado no proceso coeducativo utilizando unha linguaxe e actitudes non sexistas.
- Realizar un seguimento e avaliación dos protocolos para previr e actuar en casos de acoso por razóns de orientación sexual ou identidade de xénero.



- Axilizar a detección de pautas violentas por LGBTIfobia, especialmente nos casos relacionadas co mal uso das redes sociais.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN

5.1 ACTIVIDADES DIAGNÓSTICO

Realizar un breve diagnóstico do centro para coñecer o grao de sexismo no centro escolar e introducir cambios que promovan unha maior igualdade entre homes e mulleres. As liñas de análise poden ser as seguintes:

- A porcentaxe de:
 - Alumnas/os en Bacharelato
 - Alumnas/os en Ciclos Formativos
 - Delegados/as de clase
 - Profesoras/es
 - Xefas/es de departamento
 - Titoras/es
 - Persoal da limpeza homes/mulleres
 - Equipo directivo homes/mulleres
 - Consello Escolar homes/mulleres
- Realizar un diagnóstico, utilizando unha serie de indicadores observables e contrastables, que facilite o coñecemento das experiencias e percepcións da diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero e da contorna de convivencia do centro por parte do profesorado e do alumnado.
- Analizar se existe un apartado específico sobre atención á diversidade afectivo- sexual, de xénero, familiar e de loita contra a homofobia e a transfobia nos documentos oficiais do centro, isto é, no Proxecto Educativo, no Plan de Convivencia, no Regulamento de Réxime Interno e no Plan de Acción Titorial, con medidas para a sensibilización, prevención, detección e eliminación de toda manifestación de discriminación, dirixidas á toda a comunidade educativa.



- Analizar se se fomenta a formación sobre diversidade sexual, familiar e de identidade de xénero a todo o persoal do centro así como ao alumnado e se se ofrece información ás familias.
- Determinar se todo o persoal docente e de orientación sabe como previr e actuar ante situación de acoso escolar homofóbico e transfóbico.
- Analizar se os carteis e imaxes colgados nos corredores o taboleiros das aulas así como os materiais didácticos que se utilizan no centro mostran a diversidade étnica, corporal, relixiosa, afectivo-sexual e de expresión de xénero.

5.2 ADOPCIÓN DE MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo, especialmente no Consello Escolar do IES Salvaterra.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Promover o emprego dunha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Seguir colaborando con outras entidades (Concello, ANPA, CFR) na realización de actividades coeducativas.
- Manter as actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar: 25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI.
- Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro a través da transversalidade en cada unha das materias.
- Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.
- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade (Club de letras no curso 2019/20 dedicado á igualdade)



- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.
- Seguir promovendo lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a participación do xénero menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas.

5.3 ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE CONCIENCIACIÓN

- Facilitar material de apoio e de recursos didácticos para que os/as titores/as e profesores/as poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- Promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionante de sexo ou xénero ao hora elixir as ensinanzas, sobre todo as de carácter profesional, que son as máis sesgadas polo sexo ou xénero.
- Incrementar a biblioteca do centro con títulos, filmes e outro material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa igualdade de xénero e contra a violencia sexista.
- Organización de obradoiros, charlas e actividades relacionadas coa LGBTIfobia.
- Organizar actividades en efemérides concretas, tales como o 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara á Muller; o 8 de marzo, Día da Muller; o 17 de maio, Día Internacional contra a Homofobia e Transfobia, etc.



- Promover que as actividades que se realicen no centro teñan en conta a perspectiva do xénero a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar: o día das Letras Galegas, o Día da Paz, etc.

6. SEGUIMIENTO E MECANISMOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase a participación activa de toda a comunidade educativa.

Elaboraremos una memoria final, onde se recollerá o grao de adquisición dos obxectivos marcados:

- Rexistro e análise da evolución das escollas estereotipadas no acceso a futuros estudos vinculadas ao mundo laboral.
- Rexistro e valoración das actividades que teñen como finalidade facer visible o papel das mulleres na historia do coñecemento.
- Rexistro e valoración das actividades realizadas nos talleres nos que se abordan os compoñentes socio-emocionais do noso alumnado.
- Rexistro da evolución de situacións violentas entre o alumnado, sobre todo aquelas relacionadas con temas de igualdade e identidade de xénero, mesmo as que teñen lugar nas redes sociais.
- Rexistro e análise da eficiencia da aplicación de protocolos de identidade de xénero.
- Número de actividades realizadas nas que se procura dar visibilidade a personalidades LGTBI. Análise da valoración emitida polo alumnado.
- Número de actuacións e eficiencia das mesmas relacionadas coa prevención e tratamento de actitudes irrespectuosas e de actos violentos, se acontecer, que teñan por obxecto alumnado LGTBI.

Así mesmo avaliarase a coordinación entre o profesorado, o grado de participación de axentes externos, a consecución de obxectivos, os materiais empregados, a actitude do alumnado, a implicación do claustro en materia de igualdade...

Estableceranse as propostas de mellora para os vindeiros cursos.



Para a valoración das medidas concretas de actuación utilizaranse os seguintes indicadores de logro:

Indicadores de logro	Sempre	Moitas veces	Poucas veces	Nunca
Realizouse un diagnóstico, utilizando indicadores observables e contrastables				
Incrementouse o emprego da linguaxe inclusiva e igualitaria nas actividades do centro				
Mantívose a colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas				
Realizáronse actividades arredor das datas coeducativas				
Concreouse o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos				
Revisouse o material didáctico empregado na aula dende unha perspectiva de xénero				
Realizáronse actividades de sensibilización na aula				
Realizáronse actividades de información e sensibilización coas familias				
Promovéronse lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar				
Empregáronse contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real				
Xestionáronse actividades e ocupación do patio para favorecer a inclusión				



Promoveuse a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual				
Promoveuse a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.				
Promoveuse o respecto cara á diversidade sexual e de xénero				
Promoveuse a corresponsabilidade na realización das tarefas				
Incrementouse a participación das familias en actividades relacionadas coa formación en materia de igualdade				